



Obradoiros Girl STEAM (de 8 a 11 anos)



05.09.2024



16:00 – 20:00 H



CENTRO GAIÁSTECH

Cal é o programa?

- › Nos obradoiros achegarase ao alumnado ao funcionamento das placas micro bit, identificando as súas principais funcións e programándoas con diferentes comandos.
- › Traballarase en grupo na construción e programación dun proxecto dos 20 modelos que ofrece o **kit de robótica** presente na Rede CeMIT.
- › Unha vez superada esta primeira fase, continuarase fedellando coa placa na elaboración dun proxecto libre sobre estruturas realizadas con materiais de refugallo como botellas, cartóns, madeira ou tecidos.

Quen imparte?

- › Paula Tubío
- › André Adrio

Quen organiza?

Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (Amtega) en colaboración co Colexio Profesional de Enxeñaría Técnica en Informática de Galicia (CPETIG)

Cando e onde?

05 de setembro de 2024

De 16:00 a 20:00 H

- › **Centro GaiásTech** (Centro de Emprendemento – Cidade da Cultura, Santiago de Compostela)

Para quen?

- › Rapaces e rapazas de 8 a 11 anos - **límite de prazas: 15 asistentes**

Por que?

Trátase de impulsar actividades de mentorado próximo desde idades temperás dirixidas a rapazas e rapaces para espertar o seu interese e reforzar a confianza nas súas capacidades para cursar estudos STEAM a través de obradoiros prácticos, onde aprender e experimentar coa tecnoloxía, coa finalidade principal de fomentar o talento e espertar vocacións tecnocientíficas.

Inscríbete!

